



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

DECRETO DE ALCALDÍA

ASUNTO:	APROBACIÓN DE PROGRAMA EN MATERIA DE CIBERSEGURIDADE
	PROGRAMA DE ADECUACIÓN COMPLETA DO CONCELLO DE BOIMORTO AO ESQUEMA NACIONAL DE SEGURIDADE

Tendo presente os seguintes **antecedentes administrativos**:

- Acordo do pleno do Concello de Boimorto en sesión ordinaria de data 30.12.2022 no que se aproba a política de seguridade en cumprimento do Esquema Nacional de seguridade.
- Decreto de Alcaldía número 353/2023 de 21.07.2023 mediante o cal, o concello de Boimorto en materia de “Política de seguridade. Esquema nacional de Seguridade” acorda aprobar unha serie de documentos de desenrolo:

1	Normativa de uso de medios.
2	Informe de análise de riscos.
3	Declaración aplicabilidade.
4	Valoración de Servizos e categorización.
5	Plan de Formación.
6	Documento de Seguridade

- Decreto de Alcaldía número 357/2023 de 26.07.2023 en virtude do cal, o concello de Boimorto acordou a súa adhesión a política de sinatura electrónica e de certificados da Administración xeral do Estado.
- A proposta de programa asinado pola alcaldía en data de hoxe respecto do asunto que se referencia no encabezado do presente decreto e que se achega ao presente como ANEXO I.

Considerando todo o marco legislativo de aplicación respecto da materia indicada, concretamente o disposto nos seguintes textos legais:

- Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común.
- Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.
- Real Decreto 311/2022, do 3 de maio, polo que se regula o Esquema Nacional de Seguridade que a súa vez derogou o anterior Real Decreto que regulaba a mesma materia (RD 3/2010, do 8 de xaneiro).

En consecuencia do exposto, polo tanto o pasado 26 de xullo de 2023 o Concello de Boimorto acadou a conformidade co modelo Básico µCens do CCN - CERT, isto constitúe un fito moi importante para o Concello no ámbito da Ciberseguridade e co ánimo de dar cumprimento as obrigas legais derivadas da normativa de aplicación e dos citados acordos así como tamén continuidade aos pasos avanzados neste senso nesta materia preténdese aprobar o programa que se indica no encabezado do presente acordo.

Indicado o anterior, en uso das facultades outorgadas legalmente polo artigo 21 da Lei 7/1985, de bases do réxime local, **ACORDO**:

PRIMEIRO.- Aprobar o seguinte programa que se achega ao presente acordo como **ANEXO I**:

PROGRAMA:	PROGRAMA DE ADECUACIÓN COMPLETA DO CONCELLO DE BOIMORTO AO ESQUEMA NACIONAL DE SEGURIDADE
-----------	---

SEGUNDO.- Dar traslado do presente decreto ao pleno na vindeira sesión ordinaria que se celebre.

Decreto un a Alcaldía en Boimorto a data da sinatura dixital, do que eu, Sr. Secretario do Concello dou fé e traslado.



Concello de Boimorto (A Coruña)

**Rúa Vilanova, 1
15817 Boimorto**

**Tel: 981 51 60 20 Fax: 981 51 60 45
correo@boimorto.es
www.concellodeboimorto.es**

ANEXO I

Programa de adecuación completa do Concello de Boimorto ao Esquema Nacional de Seguridade.

Proposta de desenvolvemento trala CONFORMIDADE dos sistemas informáticos municipais de categoría Básica µCens.



1.-Introdución e contextualización.-

A Comunicación Europea sobre seguridade das redes e da información de 2001 sinala que a seguridade é unha prioridade clave dado que a comunicación e a información convertéronse nun factor esencial do desenvolvemento social e económico e que as redes e os sistemas de información transmiten datos e ofrecen servizos nun número inconcibible tan só hai uns anos, engadindo que as entidades, os cidadáns e as Administracións Públicas desexan sacar o máximo partido das posibilidades que ofrecen as redes de comunicación, polo que a seguridade destes sistemas está a converterse nun requisito previo para novos progresos.

Respecto ao propio concepto de Seguridade da Información, sinala a referida Comunicación Europea que a seguridade da Rede e da información pode entenderse como a capacidade dunha rede ou un sistema de información para resistir, cun determinado nivel de confianza, os efectos de accidentes ou actos malintencionados. Tales sucesos ou accións poderían poñer en perigo a dispoñibilidade, autenticidade, integridade e confidencialidade de datos almacenados ou transmitidos e dos servizos relacionados ofrecidos a través destas redes e sistemas.

De igual forma, a Orde AEC/1647/2013, do 5 de setembro, pola que se aproba a política de seguridade da información no ámbito da administración electrónica do Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación (publicada no BOE núm. 220, do 13 de setembro), indica que, no contexto da Administración Electrónica, enténdese por seguridade da información a capacidade das redes ou dos sistemas de información para resistir, cun determinado nivel de confianza, os accidentes e accións ilícitas ou malintencionadas que comprometan a autenticidade, confidencialidade, integridade e dispoñibilidade dos datos almacenados ou transmitidos e a dos servizos que as ditas redes e sistemas ofrecen ou fan accesibles.

Non cabe dúbida de que na Sociedade da Información e, en particular, no acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, eixo vertebral da denominada administración electrónica, a seguridade preséntase como a primeira necesidade cara a dar confianza ao sistema.

As ameazas cada día son maiores e cada día son máis complexas e coa irrupción a intelixencia artificial en todas as facetas da vida, incluídos os delitos cibernéticos, será cada vez máis complexo ser capaces de minimizar o impacto dos ataques nos sistemas municipais.

2.- Situación de partida.-

O pasado 26 de xullo de 2023 o Concello de Boimorto acadou a conformidade co modelo Básico µCens do CCN - CERT, isto constitúe un fito moi importante para o Concello no ámbito da Ciberseguridade.

No artigo 6 da política de seguridade da información do Concello de Boimorto recóllense os distintos roles en materia de seguridade da información así como os cometidos de cada un deles:

“6.-ORGANIZACIÓN DA SEGURIDADE

Para garantir o cumprimento do Esquema Nacional de Seguridade e establecer a organización da seguridade da información, adaptada ás necesidades e particularidade deste Concello, definíronse os seguintes roles:

- *Bloque de Goberno: Responsable de Goberno, cuxas funcións exercita a Alcaldía-Presidencia do Concello, que integra os seguintes roles e funcións ENS:*



Concello de Boimorto (A Coruña)

Rúa Vilanova, 1
15817 Boimorto

Tel: 981 51 60 20 Fax: 981 51 60 45
correo@boimorto.es
www.concellodeboimorto.es

- Comité de Seguridade da Información.
- Responsable da Información.
- Responsable do Servizo.

As súas funcións serán desempeñada polo/a Alcalde/sa sen prexuízo de delegación expresa por decreto na Xunta de goberno local do Concello de Boimorto en aplicación do artigo 21.3 e 23 da lei 7/1985 do 2 de abril de bases do réxime local.

- Bloque Executivo/Supervisión: Responsable de Supervisión, cuxas funcións exercita segregaría-Intervención do Concello, e que integra o seguinte rol ENS:
 - Responsable da Seguridade.
 - Delegado Protección de Datos (DPD), funcións que desempeña unha Persoa física ou xurídica contratista de servizos, apoiando ao Responsable de Supervisión, con funcións de asesoramento e supervisión en materia de protección de datos.
- Bloque de Operación: Responsable de Operación, cuxas competencias exercita un empregado municipal que ocupa o posto como persoal funcionario interino Informático, e que integra o seguinte rol ENS:
 - Responsable do Sistema.

6.1.- Responsabilidades asociadas ao Esquema Nacional de Seguridade

A continuación, detállanse e establécense as funcións e responsabilidades de cada un dos roles de seguridade ENS:

- Funcións do Responsable da Información e dos Servizos:
 - Establecer e aprobar os requisitos de seguridade aplicables ao servizo e a información dentro do marco establecido no anexo I do Real Decreto do Esquema Nacional de Seguridade.
 - Aceptar os niveis de risco residual que afecten o Servizo e á Información.
- Funcións do Responsable de Seguridade:
 - Manter e verificar o nivel adecuado de seguridade da Información manexada e dos servizos electrónicos prestados polos sistemas de información.
 - Promover a formación e concienciación en materia de seguridade da información.
 - Designar responsables da execución da análise de riscos, da declaración de aplicabilidade, identificar medidas de seguridade, determinar configuracións necesarias, elaborar documentación do sistema.
 - Proporcionar asesoramento para a determinación da categoría do sistema, en colaboración co Responsable do Sistema.
 - Participar na elaboración e implantación dos plans de mellora da seguridade e chegado o caso nos plans de continuidade, procedendo á súa validación.
 - Xestionar as revisións externas ou internas do sistema.
 - Xestionar os procesos de certificación.
 - Elevar á Dirección a aprobación de cambios e outros requisitos do sistema.
- Funcións do Responsable do Sistema:
 - Paralizar ou dar suspensión ao acceso a información ou prestación de servizo se ten o coñecemento de que estes presentan deficiencias graves de seguridade.
 - Desenvolver, operar e manter o sistema de información durante todo o seu ciclo de vida.



Concello de Boimorto (A Coruña)

Rúa Vilanova, 1
15817 Boimorto

Tel: 981 51 60 20 Fax: 981 51 60 45
correo@boimorto.es
www.concellodeboimorto.es

- *Elaborar os procedementos operativos necesarios.*
- *Definir a topoloxía e a xestión do Sistema de Información establecendo os criterios de uso e os servizos dispoñibles no mesmo.*
- *Confirmarse de que as medidas específicas de seguridade intégrense adecuadamente dentro do marco xeral de seguridade.*
- *Prestar ao Responsable de Seguridade da Información asesoramento para a determinación da Categoría do Sistema.*
- *Colaborar, se así se lle require, na elaboración e implantación dos plans de mellora da seguridade e, chegado o caso, nos plans de continuidade.*
- *Levar a cabo as funcións do administrador da seguridade do sistema:*
 - a. *A xestión, configuración e actualización, no seu caso, do hardware e software nos que se basean os mecanismos e servizos de seguridade.*
 - b. *A xestión das autorizacións concedidas aos usuarios do sistema, en particular os privilexios concedidos, incluíndo a monitorización da actividade desenvolvida no sistema e a súa correspondencia co autorizado.*
 - c. *Aprobar os cambios na configuración vixente do Sistema de Información.*
 - d. *Asegurar que os controis de seguridade establecidos son cumpridos estritamente*
 - e. *Asegurar que son aplicados os procedementos aprobados para manexar o Sistema de Información.*
 - f. *Supervisar as instalacións de hardware e software, as súas modificacións e melloras para asegurar que a seguridade non está comprometida e que en todo momento axústanse ás autorizacións pertinentes.*
 - g. *Monitorizar o estado de seguridade proporcionado polas ferramentas de xestión de eventos de seguridade e mecanismos de auditoría técnica.*
- *Funcións do Comité de Seguridade da Información:*
 - *Atender as solicitudes, en materia de Seguridade da Información, da Administración e dos diferentes roles de seguridade e/o áreas informando regularmente o estado da Seguridade da Información.*
 - *Asesorar en materia de Seguridade da Información.*
 - *Resolver os conflitos de responsabilidade que poidan aparecer entre as diferentes unidades administrativas*
 - *Promover a mellora continua do sistema de xestión da Seguridade da Información. Para iso encárgase de:*
 - *Coordinar os esforzos das diferentes áreas en materia de Seguridade da Información, para asegurar que estes sexan consistentes, aliñados coa estratexia decidida na materia, e evitar duplicidades.*
 - *Propoñer plans de mellora da Seguridade da Información, coa súa dotación orzamentaria correspondente, priorizando as actuacións en materia de seguridade cando os recursos sexan limitados.*
 - *Velar porque a Seguridade da Información téñase en conta en todos os proxectos desde a súa especificación inicial ata a súa posta en operación. En particular deberá velar pola creación e utilización de servizos horizontais que reduzan duplicidades e apoiem un funcionamento homoxéneo de todos os sistemas TIC.*
 - *Realizar un seguimento dos principais riscos residuais asumidos pola Administración e recomendar posibles actuacións respecto deles.*
 - *Realizar un seguimento da xestión dos incidentes de seguridade e recomendar posibles actuacións respecto deles.*
 - *Elaborar e revisar regularmente a Política de Seguridade da Información para a súa aprobación polo órgano competente.*



Concello de Boimorto (A Coruña)

Rúa Vilanova, 1
15817 Boimorto

Tel: 981 51 60 20 Fax: 981 51 60 45
correo@boimorto.es
www.concellodeboimorto.es

- *Elaborar a normativa de Seguridade da Información para a súa aprobación en coordinación coa Dirección Xeral.*
- *Verificar os procedementos de seguridade da información e demais documentación para a súa aprobación.*
- *Elaborar programas de formación destinados a formar e sensibilizar ao persoal en materia de Seguridade da Información e en particular en materia de protección de datos de carácter persoal.*
- *Elaborar e aprobar os requisitos de formación e cualificación de administradores, operadores e usuarios desde o punto de vista de Seguridade da Información.*
- *Promover a realización das auditorías periódicas ENS e de protección de datos que permitan verificar o cumprimento das obrigacións da Administración en materia de seguridade da Información.”*

As distinta normativas redactadas e as medidas postas en marcha nesta primeira fase do proxecto sentaron as bases e constitúen a folia de ruta dunha serie de medidas e documentación que será preciso elaborar e implementar ao longo das vindeiros anos. O modelo Básico μ Cens do CCN - CERT pretende servir disto mesmo, dun primeiro peldaño para achegar ás pequenas entidades que non contan cunha grande infraestrutura, como é o caso do Concello de Boimorto, as ferramentas e o asesoramento para cumprir cun perfilado máis básico do que lle sería de aplicación.

Deste xeito, a adaptación e a implantación das medidas necesarias faise dun xeito menos traumático para todos os actores implicados: administración, funcionarios e veciñanza. Mais non se debe obviar que no horizonte temporal de 4 anos a administración ten que estar adaptada ao modelo “normal” e perfil de cumprimento que lles corresponda en cada caso.

3.- Necesidade da creación do proxecto.-

Precisamente da necesidade de adaptarnos a curto/medio prazo a ao perfil básico de cumprimento das normas reguladoras do Esquema Nacional de Seguridade xurde este proxecto.

Coa redacción deste proxecto pretendese afondar un pouco mais na liña marcada pola Política de Seguridade e a normativa de uso de medios electrónicos definindo as actuacións que se deberán levar a cabo nos vindeiros anos tendentes a acadar a certificación dos sistemas municipais no modelo básico do ENS, ou aquel en que nos corresponda unha vez analizados en detalle os datos almacenados, así como os distintos procesos de tratamento dos mesmos por parte da entidade.

Directamente relacionado con isto está tamén a protección de datos de carácter persoal na que se fixaran obxectivos e proporáse medidas a levar a cabo a curto-medio prazo, pois constitúe unha parte importante da adaptación ao ENS.

Entre as necesidades detectadas atópanse tamén as relacionadas cos tramites administrativos e burocráticos, pois moitas das tramitacións administrativas, contables ou de recadación son demasiado complexas causando unha carga de traballo excesiva e nada produtiva.

4.- Obxectivos do proxecto e horizonte temporal.-

O horizonte temporal marcado por neste proxecto é o 2024-2027 neste espazo de tempo os sistemas informáticos municipais do Concello teñen que ter a suficiente madurez e fortaleza para ser quen de afrontar e superar unha auditoría formal do CCN-Cert de polo menos a categoría Básica. Isto supón un reto non so de adquisición/mellora e configuración de equipamento, senón que tamén nos procesos e



Concello de Boimorto (A Coruña)

Rúa Vilanova, 1
15817 Boimorto

Tel: 981 51 60 20 Fax: 981 51 60 45
correo@boimorto.es
www.concellodeboimorto.es

tramites da propia organización por todo isto imos afrontar os obxectivos en dous grandes Bloques: Seguridade (equipamentos e protección) e Procesos.

– No eido da seguridade:

- Acadar unha rede de conexión segura e fiable apoiándonos nas ferramentas proporcionadas polo CCN-CERT e coa colaboración indispensable da Deputación da Coruña e Xunta de Galicia.
- Unha rede é tan forte como o nodo mais débil da mesma, por iso deberanse actualizar os equipos aos sistemas mais actuais e adaptar, na medida dos posible os existentes.
- Ferramentas de dixitalización e copias de seguridade terán unha importancia capital neste novo paradigma como forma de eliminación do papel as primeiras, e como medida máis importante de seguridade as segundas.
- Con todo isto en mente será preciso desenvolver un programa de actualización e mellora da rede e dos sistemas municipais neste horizonte 2024-2027.
- Todos estes obxectivos levarannos ao mais importante de todos, Certificar os sistemas municipais como mínimo a nivel básico.
- Paralelamente a estes obxectivos máis técnicos, estudaranse a aplicación correcta da LOPD por parte dos funcionarios administrativos e non administrativos que poidan manexar ou coñecer datos persoais.

– No eido dos procesos:

- Afondar na necesidade da dixitalización dos procedementos administrativos, contables e laborais.
- Implantar un sistema de arquivo electrónico para os procedementos actuais ou, se é posible, dos antigos aos que se teña que recorrer nun momento dado.
- Implantar nos distintos procesos administrativos as consultas a outras administracións de xeito predeterminado (salvo oposición do interesado/a) para requirir menos documentación.
- Posta en marcha dun sistema automático de requirimento de documentación e ofertas aos licitadores.
- Implantación da eliminación de datos persoais sensibles nos documentos publicados na sede electrónica municipal.
- Facer confluír nun so punto, sede electrónica e portal de transparencia, toda a información administrativa, normativa e documental (actas, bandos,...) evitando a duplicidades e erros coa web municipal (deixando esta última para temas máis formativos, educativos ou lúdicos).
- Seguir promovendo o uso das notificacións electrónicas como medida de notificación as persoas físicas.
- Facturación e contabilidade máis electrónicas e automatizadas.
- Dixitalización de todos os procesos de nómina e informes ao respecto.
- Automatización da administración do servizo de abastecemento domiciliario

Todos estes obxectivos son factibles de poder cumprilos do horizonte temporal 2023-27 e conseguirían situar a Boimorto como punteiro neste eido a nivel provincial e autonómico. Isto xunto cunha tramitación electrónica de expedientes administrativos e contables máis eficaz suporá un aforro de tempo e recursos municipais que se valorará a longo prazo.

5.- Medidas de actuacións.-

Entre as medidas que se pretenden levar a cabo con este proxecto destacan as seguintes:



Concello de Boimorto (A Coruña)

Rúa Vilanova, 1
15817 Boimorto

Tel: 981 51 60 20 Fax: 981 51 60 45
correo@boimorto.es
www.concellodeboimorto.es

- Estudo pormenorizado da situación actual dos sistemas municipais cunha auditoría de seguridade de todos os sistemas municipais (os certificados en µCENS e os excluídos de dita certificación).
- Desenvolvemento dun plan de execución para incluír todos os sistemas actuais na certificación µCENS.
- Desenvolvemento da documentación auxiliar pendente da certificación µCENS adecuándoa xa a certificación básica que se pretende afrontar:
 - o Pautas de bastionado de servidores / equipos.
 - o Normas de posta en funcionamento.
 - o Informatización correcta dos rexistros de posta en funcionamento e retirada dos equipos.
 - o Manuais das distintas aplicacións instaladas.
 - o Aplicación práctica das políticas de firma.
 - o Política de backups e compartición de documentos.
 - o Manual de benvida aos sistemas do Concello
 - o ...
- Plan de adecuación dos sistemas a nivel básico das normas CCN de aplicación ao noso Concello.
- Previsión orzamentaria plurianual e programación da execución do Plan de adecuación, así como a súa execución.
- Implementación de medidas como o escritorio despexado e a custodia documental correcta dos expedientes.
- Estandarización de procesos como a limpeza de metadatos, escaneado de documentación, renomeado de documentos, uso dos recursos compartidos,...
- Formación en ciberseguridade e píldoras formativas sinxelas con recordatorios.
- Elaboración das pautas para teletraballo / traballo en remoto.
- Dende o punto de vista máis técnico e de sistemas:
 - o Posta en marcha dun Directorio Activo
 - o Cesión de equipos bastionados para teletraballo e traballo vía VPN autonómica.
 - o Mellora continua da rede coa mellora de cableado e uso das redes xunta (rede SARA) para unha maior seguridade.
 - o Actualización de software e hardware dos equipos clientes.
 - o Implantación das ferramentas proporcionadas polo CCN e Deputación da Coruña para dotar aos equipos de maior seguridade.
- Nos departamentos de contabilidade, recadación e nóminas:
 - o Configuración dunha aplicación para control, abono e envío de nóminas de xeito electrónico.
 - o Instauración dunha política de papel Zero. Reducindo o uso de papel nas tramitacións de facturas e demais expedientes contables así como o seu arquivo. Uso da plataforma FACE para todas as facturas.
 - o Dixitalización paulatina de expedientes de contratación de persoal.
 - o Implantación do programa Taxas EEL (GTT) da Deputación da Coruña para a recadación de todos os tributos legando a un segundo plano a Caixa da Corporación.
 - o Instauración do Portal do Contribuínte municipal.
 - o Recibos abonables vía banca electrónica con código de barras a unha conta restrinxida de ingresos evitando expoñer a conta municipal nos recibos.
 - o Contadores intelixentes nas vivendas da veciñanza para a lectura de contadores a distancia e evitando erros de lectura.
- Papel máis activo do Delegado de Protección de datos na toma de decisión e nos procedementos administrativos
- Standarización de procedementos e modelos de tramitación administrativa e contable.
- Modelo único para a maioría de solicitudes con exemplos e manuais.
- Redeseño da páxina web retirando contido administrativo que se trasladará a Sede electrónica e ao Portal de Transparencia. Redundando nun deseño máis atractivo e sinxelo para os cidadáns.



Concello de Boimorto (A Coruña)

Rúa Vilanova, 1
15817 Boimorto

Tel: 981 51 60 20 Fax: 981 51 60 45
correo@boimorto.es
www.concellodeboimorto.es

- Uso da plataforma para Concelleiros da Sede electrónica e Portal para empresas da mesma. Consequindo un aforro de tempo e recurso na súa remisión vía mail ou outra plataforma de envío de arquivos.

6.- Medios.-

O proxecto vai precisar unha fonte de financiamento con fondos propios do Concello a fin de acometer a contratación do persoal necesario para a implantación das medidas aquí propostas, así como para levar a cabo as funcións asinadas na política de seguridade ao responsable de operación.

Do mesmo xeito a inversión de hardware será similar a acometida nas ultimas anualidades aproveitando a rede de distribuidores da que se dispón buscando sempre a mellor relación calidade / prezo e mercado recursos de primeiras marcas e calidade contrastada que serán o pilar de todo o proxecto. Así como tamén aproveitaremos ao máximo as posibilidades que nos brinde o CCN e a Deputación da Coruña para este fin.

Trátase de documentar e adaptar o Concello de Boimorto á nova realidade coa que se enfronta no día a día, poñendo medidas enfocadas en limitar un posible ataque dun axente externo como as posibles brechas de seguridade ou descoidos dos propios empregados.

No apartado formativo, o Concello deberá facer un esforzo para concienciar aos distintos departamentos na necesidade de formación en materia de Ciberseguridade favorecendo e propiciando a liberación de algunha hora de traballo para adicala á formación. Xa que as propostas formativas de Deputación e do propio CCN son gratuítas sacaremoslles o maior rendemento posible. Do mesmo xeito o responsable de operación será o encargado de deseñar pequenas formacións en aspectos clave de ferramentas e métodos de ataque.

7.- Conclusión e proposta de desenvolvemento.-

O presente proxecto suporá un avance para os sistemas municipais, pero ao mesmo tempo tamén será un reto para persoal municipal debido aos grandes cambios estruturais na forma de traballo que terán que afrontar.

A implantación será paulatina ao longo das anualidades 3 anualidades e permitirá un marxe para que se poidan acometer con garantías e sen que os servizos municipais se resintan.

Por todo o exposto e a vista de que é unha realidade que temos que afrontar e poñer os todos os medios disuasorios que estean ao noso alcance ante un posible ataque informático propoño a aprobación do presente proxecto

Boimorto, a data da sinatura dixital.

A Alcaldía